

LINGUA GALEGA E LITERATURA**TEXTO**

Alertouno o secretario xeral de Nacións Unidas, o portugués António Guterres, no cumio do COP28 (28ª Conferencia das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático) que vén de celebrarse en Dubai: “Comunidades de todo o mundo foron vítimas este ano 2023 de incendios, crecidas e temperaturas abrasadoras. Os récords de calor rexistrados en todo o mundo deberían provocar calafríos aos líderes mundiais”. Un estado de emerxencia climática que, malia ser recoñecida nos grandes foros internacionais, non ten nas políticas gobernamentais de países produtores das máis grandes emisións de gases de efecto invernadoiro un efecto secante. No cumio mundial da COP28 falouse por vez primeira do que fai imposible que esas emisións decrezan: o consumo de combustibles fósiles. Porén, a declaración final enmarcou a futuro a súa desaparición sen concretar prazos, porcentaxes, formas de facelo, sancións...: “Facer a transición para abandonar os combustibles fósiles nos sistemas enerxéticos de maneira xusta, ordenada e equitativa, acelerando a acción nesta década crítica, co obxectivo de conseguir cero emisións netas para o 2050”. Cal é a razón desa asintonía entre o declarativo e o executivo? Os gobernos saben que van seguir mantendo o consumo de combustibles fósiles. Como saben que os van seguir subvencionando con diñeiro público. Neste tempo de convulsas confrontacións xeopolíticas, nas que a crise enerxética está sendo utilizada como arma de guerra, chegar a un consenso global para parar en seco o que alimenta a ameza climática non parece doado. Pero non hai outra alternativa.

Emerxencia climática
Tempos Novos, 320, xaneiro de 2024

CUESTIÓNS

1. Indique cal é o tema do texto e as súas ideas principais. Propoña tamén un título (2 puntos).
2. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións do texto: *calafríos*, *efecto secante*, *combustibles fósiles*, *convulsas*, *xeopolíticas* (1 punto).
3. Indique a que clase de palabra pertencen os seguintes termos que aparecen no texto: *todo*, *malia*, *grandes*, *netas*, *consenso* (1 punto).
4. Conxugue o pretérito perfecto de indicativo e o pretérito imperfecto de subjuntivo dos seguintes verbos que aparecen no texto: *vir*, *ser*, *facen*, *saber* (2 puntos).
5. Escriba un comentario crítico (arredor de 200 palabras) sobre o tema do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión que nel se verte (4 puntos).

CRITERIOS DE CORRECCIÓN E CUALIFICACIÓN

PREGUNTAS	CRITERIOS DE CORRECCIÓN	CUALIFICACIÓN MÁXIMA
<p>PREGUNTA 1 (2 puntos)</p>	<p>Identificar e xustificar o tema central do texto: <i>Urxencia da aplicación de medidas medioambientais por parte dos gobernos para frear o cambio climático</i>. Valorarase positivamente o emprego de citas textuais que sirvan para argumentar a identificación do tema central.</p>	<p>0,75</p>
	<p>Sinalar as ideas principais do texto: <i>Alerta pola emerxencia climática e as súas consecuencias visibles; Os gases de efecto invernadoiro como principal causa do cambio climático; Asintonía entre o declarativo e o executivo nas decisións da ONU para frear o cambio climático; Razóns desta asintonía; Perspectiva de futuro sobre o problema</i>.</p> <p>Valorarase positivamente o emprego de citas textuais que sirvan para argumentar a identificación das ideas principais.</p>	<p>0,75</p>
	<p>Propoñer un posible título para o texto. O título proposto non pode coincidir co do propio artigo. Valorarase positivamente a concisión e precisión do título proposto, que debe condensar o tema central do texto.</p>	<p>0,5</p>
<p>PREGUNTA 2 (1 puntos)</p>	<p>Definir o significado de cada palabra ou expresión de acordo co sentido que presenta no texto:</p> <p><i>Calafríos</i>. Definición xeral: Tremores bruscos e sensación de frío que, ás veces, acompañan á febre nunha enfermidade. Sinónimos xerais: arreguizos, chuchos. Definición contextual: Temores ou inquietudes experimentados ante as graves consecuencias do cambio climático. Sinónimos contextuais: arrepío, espanto, horror.</p> <p><i>Efecto secante</i>. Definición xeral: Resultado dunha acción que seca ou serve para secar. Sinónimo xeral: efecto absorbente. Definición contextual: Toma de decisións conducentes ao remate ou desaparición dun problema. Sinónimos contextuais: efecto resolutivo, efecto corrector.</p>	

	<p><i>Combustibles fósiles.</i> Definición xeral e contextual: Materiais orixinados pola descomposición parcial da materia orgánica acumulada durante millóns de anos que se empregan para a produción de enerxía sometidos a un proceso de combustión. Considéranse combustibles fósiles o carbón, o petróleo e o gas natural, recursos enerxéticos non renovables. Sinónimo xeral e contextual: combustibles minerais.</p> <p><i>Convulsas.</i> Definición xeral: Afectadas por unha convulsión. Sinónimo xeral: convulsivas. Definición contextual: Que están afectadas por perturbacións violentas da orde social establecida. Sinónimo contextual: axitadas, exasperadas, furiosas.</p> <p><i>Xeopolíticas.</i> Definición xeral: Relativas ou pertencentes á xeopolítica. Sinónimo xeral: xeografía política. Definición contextual: Relativas ás actuacións do poder tanto dos Estados coma das grandes organizacións internacionais ou de calquera outra forma de poder de ámbito xeográfico. Sinónimo contextual: políticas, político-territoriais.</p> <p>Abondará con que se perciba que o alumnado entende a palabra ou expresión e que é capaz de aproximarse ao seu significado no texto, sen que se esixa unha definición exacta. Pódense atribuír puntuacións parciais segundo a precisión da resposta. Non se considerará suficiente a indicación de sinónimos, aínda que se poden atribuír puntuacións parciais de 0,1 puntos se se mencionan. Cada palabra ou expresión correctamente definida valorarase con 0,2 puntos.</p>	1
PREGUNTA 3 (1 puntos)	<p>Indicar a categoría gramatical á que pertencen as palabras polas que se pregunta:</p> <p><i>Todo:</i> (pronome) determinante cuantificador (indefinido).</p> <p><i>Malia:</i> preposición.</p> <p><i>Grandes:</i> adxectivo (no contexto, feminino plural, especificativo).</p> <p><i>Netas:</i> adxectivo (feminino plural, especificativo).</p> <p><i>Consenso:</i> substantivo (masculino singular, común).</p> <p>No caso de existiren posibles subcategorizacións, valorarase positivamente que estas se identifiquen. Cada palabra da que se determine correctamente a súa categoría gramatical valorarase con 0,2 puntos.</p>	1

<p>PREGUNTA 4 (2 puntos)</p>	<p>Conxugar os verbos polos que se pregunta nos dous tempos verbais sinalados. Cada verbo correctamente conxugado nos dous tempos verbais polos que se pregunta valorarase con 0,5 puntos:</p> <p><i>Vir.</i> Pretérito perfecto de indicativo: <i>vin, viñeches, veu, viñemos, viñestes, viñeron</i>. Pretérito imperfecto de subjuntivo: <i>viñese, viñeses, viñese, viñésemos, viñésedes, viñesen</i>.</p> <p><i>Ser.</i> Pretérito perfecto de indicativo: <i>fun, fuches, foi, fomos, fostes, foron</i>. Pretérito imperfecto de subjuntivo: <i>fose, foses, fose, fósemos, fósedes, fosen</i>.</p> <p><i>Facer.</i> Pretérito perfecto de indicativo: <i>fixen, fixeches, fixo, fixemos, fixestes, fixeron</i>. Pretérito imperfecto de subjuntivo: <i>fixese, fixeses, fixese, fixésemos, fixésedes, fixesen</i>.</p> <p><i>Saber.</i> Pretérito perfecto de indicativo: <i>souben, soubeches, soubo, soubemos, soubestes, souberon</i>. Pretérito imperfecto de subjuntivo: <i>soubese, soubeses, soubese, soubésemos, soubésedes, souberon</i>.</p> <p>Non se considerarán válidas as respostas que unicamente indiquen unha persoa ou que non completen as seis formas de cada tempo. Se unicamente un dos tempos verbais é conxugado correctamente para un verbo a valoración será de 0,25 puntos. Pódense atribuír puntuacións parciais de 0,1 puntos se algunhas formas das conxugacións de cada verbo non fosen correctas.</p>	<p>2</p>
<p>PREGUNTA 5 (4 puntos)</p>	<p>Redactar un comentario crítico sobre o tema do artigo (<i>Urxencia da aplicación de medidas medioambientais por parte dos gobernos para frear o cambio climático</i>) no que se empreguen argumentos propios a favor ou en contra da opinión nel expresada. No comentario deben evitarse as paráfrases, resumos ou a repetición do contido do artigo. Valorarase positivamente que as opinións propias sexan pertinentes e dialoguen co artigo de partida para o contraste, ampliación ou implementación dos argumentos neste sustentados.</p> <p>Na avaliación deste comentario valorarase a correcta construción do texto (organización da información) e a adecuación e a corrección lingüística (redacción, adecuación do nivel de lingua, gramática, léxico, ortografía, puntuación).</p>	<p>4</p>